

Lei 2/1997, do 29 de maio, de concesión dun crédito extraordinario para atende-los gastos das eleccións ó Parlamento de Galicia

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 605, do 27.2.1997.

Emendas, BOPG núm. 622, do 25.3.1997.

Debate de totalidade, DSPG núm. 136, do 8.4.1997.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 639, do 22.4.1997.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 643, do 28.4.1997.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 646, do 2.5.1997.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 140, do 6.5.1997.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 659, do 22.5.1997.

Diario Oficial de Galicia núm. 113, do 13.6.1997. Corrección de erros: DOG núm. 132, do 10.7.1997.

Boletín Oficial del Estado núm. 190, do 9.8.1997.

Lei 2/1997, do 29 de maio, de concesión dun crédito extraordinario para atende-los gastos das eleccións ó Parlamento de Galicia

A convocatoria de eleccións ó Parlamento de Galicia de 1997 esixe que a Administración autonómica habilite unha serie de medios humanos e materiais para levar a bo termo o proceso electoral, e é por iso que, dándolle cumprimento ó disposto na Lei 8/1985, do 13 de agosto, modificada pola Lei 15/1992, do 30 de decembro, de eleccións ó Parlamento de Galicia, e na demais normativa vixente, resulta necesaria, ó abeiro do artigo 62 da Lei 11/1992, de réxime financeiro e presupostario de Galicia, a concesión dun crédito extraordinario que permita atende-los gastos indicados.

Co fin de que o dito crédito extraordinario non produza incremento de gasto público, o seu financiamento levarase a cabo anulando remanentes de crédito de distintos capítulos do presuposto de gastos vixente, antes do 31 de decembro deste ano.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de concesión dun crédito extraordinario para atende-los gastos das eleccións ó Parlamento de Galicia.

Artigo 1

Concédesse un crédito extraordinario ó presuposto de gastos vixente da Comunidade Autónoma por importe de mil setenta millóns setecentas vintecaturo mil oitocentas sesenta pesetas (1.070.724.860 ptas.), tal como se especifica no anexo 1 desta lei, co obxecto de atende-las obrigas que deriven da realización das eleccións ó Parlamento de Galicia en 1997.

Artigo 2

Este crédito extraordinario financiarase mediante a anulación de remanentes de créditos dos distintos capítulos do presuposto de gastos correspondente ó financiamento básico e incondicionado dos vixentes presupostos xerais da Comunidade Autónoma. O Consello da Xunta, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, antes do 31 de decembro de 1997, determinará as aplicacións presupostarias dos citados créditos.

Os mencionados remanentes anulados só poderán afectar excepcionalmente a créditos autorizados dos capítulos VI e VII dos presupostos.

Artigo 3

De acordo co artigo 45 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, modifica-

da pola Lei 15/1992, do 30 de decembro, de eleccións ó Parlamento de Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia concederalles anticipos de subvencións para gastos electorais ata un 30% das cantidades concedidas en concepto de subvencións electorais ós partidos, coalicións, federacións e agrupacións de electores que obtivesen representación nas últimas eleccións que tiveron lugar ó Parlamento de Galicia de 1993. O importe indicado de anticipos de subvencións está incluído no crédito solicitado, tal como se desprende da desagregación que figura no anexo 2.

Artigo 4

De acordo cos artigos 46 e 47 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, modificada pola Lei 15/1992, do 30 de decembro, de eleccións ó Parlamento de Galicia, no prazo de catro meses posteriores ás eleccións, os partidos, coalicións, federacións e agrupacións de electores que cumbran os requisitos esixidos para recibiren subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia ou que recibisen anticipos con cargo a elas deberán presentar unha contabilidade detallada e documentada dos seus ingresos e gastos electorais.

O Consello de Contas pronunciarase sobre a regularidade das contabilidades electorais dentro dos sete meses seguintes á realización das eleccións e remitiralle á

Xunta de Galicia o contido da fiscalización mediante informe razoado e detallado.

Dentro do mes seguinte á remisión do informe ó que se refire o apartado anterior, a Xunta de Galicia presentarlle ó Parlamento de Galicia un proxecto de crédito extraordinario por importe da subvención final que se debe adxudicar. En ningún caso este crédito superará a cantidade que corresponda como liquidación das subvencións ás formacións políticas, de acordo co artigo 44 da Lei 8/1985, do 12 de agosto, modificada pola Lei 15/1992, do 30 de decembro.

Artigo 5

Nos tres meses seguintes á realización das eleccións, a Xunta de Galicia dará conta ante a Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento de Galicia da valoración da execución detallada deste crédito extraordinario.

Disposición derradeira primeira

Autorízase a Xunta de Galicia para dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta lei.

Disposición derradeira segunda

Esta lei entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Anexo 1

Especificación orgánica, económica por conceptos e programas

Sección 01.- Parlamento

Servicio 01.- Parlamento

Programa 132A.- Administración electoral.

Capítulo	Artigo	Concepto	Explicación do gasto	Total do concepto	Total do artigo e capítulo
2	3	3	Gastos en bens correntes e servicios. Indemnizacións por razón do servicio. Outras indemnizacións, Xunta Electoral de Galicia.	4.900.000	4.900.000

Sección 04.- Consellería da Presidencia e Administración Pública.

Servicio 09.- Secretaría Xeral.

Programa 132A.- Administración electoral.

Capítulo	Artigo	Concepto	Subconc.	Explicación do gasto	Total do concepto	Total do artigo e capítulo
2	2	6	09	Gastos en bens correntes e servicios. Material, subministración e outros. Procesos electorais.	948.500.000	948.500.000

Sección 04.- Consellería da Presidencia e Administración Pública.

Servicio 09.- Secretaría Xeral.

Programa 132B.- Gastos e subvencións electorais.

Capítulo	Artigo	Concepto	Subconc.	Explicación do gasto	Total do concepto	Total do artigo e capítulo
4	8	0	09	Transferencias correntes. Familias e institucións sen fins de lucro. Subvencións a familias e institucións sen fins de lucro. Outras subvencións a partidos políticos.	117.324.860	117.324.860

Anexo 2

1. Dotación de elementos materiais.

Este epígrafe recolle, por un lado, a montaxe de urnas, cabinas e traslado delas e, por outro, os gastos relativos á elaboración tanto de impresos electorais coma de papeletas e sobres electorais e, por último, a asistencia técnica.

Para o cálculo da cantidade prevista para 1997 aplicouse o índice de prezos ó consumo desde novembro de 1993 ata outubro de 1997, que se estima que será do 15,2%.

Por outra banda, e baseándose nos datos dos últimos comicios electorais realizados na nosa Comunidade (eleccións a Cortes Xerais de marzo de 1996), estímase un número aproximado de 3.665 mesas electorais.

Por todo iso, a cifra presupostada no referente á montaxe de urnas, cabinas e traslado delas para as próximas eleccións de

1997 sae de aplicarlle-la inflación prevista anteriormente, ademais do incremento de mesas electorais, que pasa de 3.513 nas últimas eleccións ó Parlamento de Galicia de 1993 a 3.665 mesas para os comicios autonómicos de 1997, ós importes que se presupostaran en 1993.

De igual maneira, para o cálculo da asistencia técnica tívose en conta a inflación acumulada de novembro de 1993 a outubro de 1997 e aplicouse sobre o importe gastado por este mesmo concepto nas eleccións de 1993.

Por último, no que respecta á elaboración tanto de impresos electorais coma de papeletas e sobres electorais, ademais de ter en conta un IPC do 15,2%, tívose en conta, por un lado, o importante incremento do prezo do papel nos últimos catro anos, moi superior á inflación, e, por outro, que a diferenza dos comicios de 1993 a empresa que se contrate para a elaboración dos ditos impresos elec-

torais terá tamén que distribuílos en tódalas mesas electorais, gasto que non se tivera en conta nas anteriores eleccións.

2. Representantes da Administración.

Nas eleccións ó Parlamento de Galicia de 1993, o número de representantes da Administración que se nomearon para atende-las 3.513 mesas foi de 3.188. Polo tanto, se o número de mesas que se estima para os próximos comicios electorais de 1997 é de 3.665 mesas, o número de representantes que se deberían nomear sería de aproximadamente uns 3.320.

O cálculo do presuposto realizouse a partir de considera-lo pagamento máximo de 15.660 ptas. por representante. Esta cantidade obtense de aplicarles a 13.600 ptas. o índice de prezos ó consumo desde novembro de 1993 ata outubro de 1997, que foi do 15,2%.

3. Apoio ós electores á hora de exercerem o seu dereito ó voto.

Neste apartado recóllese basicamente o custo de transportes de electores ás mesas electorais distantes, en municipios de Galicia con gran espallamento demográfico.

4. Xuntas electorais.

De acordo co Real decreto 421/1991, do 5 de abril, modificado polo Real decreto 563/1993, do 16 de abril, polo que se determinan as normas reguladoras dos procesos electorais, as axudas de custo e

gratificacións dos membros das xuntas electorais modificaranse na mesma proporción en que sexan actualizadas polo Ministerio de Economía e Facenda as subvencións por gastos electorais ó Congreso dos Deputados e Senado.

Polo tanto, e atendendo ó dito anteriormente, o cálculo do IPC acumulado segue sendo o mesmo, é dicir, desde novembro de 1993 ata outubro de 1997, que se estima nun 15,2%.

Así pois, as indemnizacións previstas para a Xunta Electoral de Galicia así como as gratificacións e axudas de custo dos membros das catro xuntas electorais provinciais, das vinteseite xuntas electorais de zona e mais dos delegados das xuntas electorais de zona para as eleccións de 1997 calcularáronse non só aplicando o IPC do 15,2% senón tendo en conta, por unha banda, o incremento de mesas que se estima que se producirá nas eleccións autonómicas de 1997, que pasa de 3.513 nas últimas eleccións ó Parlamento de Galicia de 1993 a unhas aproximadamente 3.665 mesas, e, por outra banda, as dotacións ás xuntas electorais provinciais e de zona, en concepto de material de escritorio, transporte, alugueiros e comunicacións, gastos tamén afectados polo índice de prezos ó consumo anteriormente citado.

Os ditos gastos xa foron tidos en conta no presuposto de 1993, pero o importe gastado por este concepto nos últimos comicios autonómi-

cos foi moi inferior ó previsto como consecuencia da proximidade no tempo das eleccións a Cortes Xerais de 1993, o que permitiu aproveitar moito dese material. Agora ben, esta circunstancia non se ten en conta para os próximos comicios autonómicos de 1997, polo que será necesario dotar unha cantidade importante dos gastos anteriormente citados.

5. Membros das mesas de votación.

Este epígrafe recolle axudas de custo dos membros das mesas electorais e gastos por desprazamento dos presidentes das mesas ás xuntas electorais.

Así pois, para o cálculo dos gastos por desprazamento dos presidentes das mesas ás xuntas electorais aplicouse, por un lado, o índice de prezos ó consumo desde novembro de 1993 ata outubro de 1997, que se estima que será do 15,2%, e, por outro, terase en conta o incremento no número de mesas electorais con respecto ós pasados comicios autonómicos de 1993.

6. Locais onde se realizarán as votacións.

Estas cantidades refírense á limpeza, adecuación e outros gastos menores dos locais electorais.

7. Gastos de persoal.

Cantidade obtida, por un lado, a partir da actualización do gasto presupostado para as eleccións ó

Parlamento de Galicia de 1993 e actualizada segundo o índice de prezos ó consumo acumulado desde novembro de 1993 ata outubro de 1997 e, por outro lado, polo incremento de mesas electorais, que pasa de 3.513 nas últimas eleccións ó Parlamento de Galicia de 1993 a 3.665 mesas para os comicios autonómicos de 1997.

8. Escrutinio electoral.

A cifra indicada fai referencia ós gastos derivados da contratación de asistencia técnica para a realización de escrutinio, avances de participación, organización dun centro de proceso de datos, comunicacións e difusión de resultados.

Para o cálculo da cantidade prevista para 1997 aplicouse a inflación desde novembro de 1993 ata outubro de 1997, que se estima nun 15,2%.

9. Campaña institucional de fomento do voto.

Para as eleccións ó Parlamento de Galicia de 1997 preveuse o mesmo importe gastado por este concepto nas eleccións ó Parlamento de Galicia de 1989.

10. Varios.

A dita redución xorde como consecuencia de que a empresa que se vaia contratar para a asistencia técnica para a realización de escrutinio, avances de participación, organización dun centro de

proceso de datos, comunicacións e difusión de resultados terá tamén que encargarse da organización

dos actos da noite electoral, cousa que en anteriores comicios era un gasto adicional.

Eleccións ó Parlamento de Galicia de 1997

Concepto	Presuposto liquidado en 1993	Presuposto 1997
1. Dotación de elementos materiais	198.008.000	257.000.000
2. Representantes da Administración	43.560.800	52.000.000
3. Apoio ós electores á hora de exercerem o seu dereito ó voto	15.500.000	20.000.000
4. Xuntas electorais	108.072.424	153.900.000
5. Membros das mesas de votación	90.996.700	100.000.000
6. Locais onde se realizarán as votacións	14.052.000	20.200.000
7. Gastos de persoal	20.215.531	33.300.000
8. Escrutinio electoral	110.000.000	127.000.000
9. Campaña institucional de fomento do voto	144.013.114	160.000.000
10. Varios	46.062.613	30.000.000
Total	790.481.182	953.400.000

11. Anticipo ós partidos políticos.

De acordo co artigo 45 da Lei 8/1995, do 13 de agosto, modificada pola Lei 15/1992, do 30 de decembro, de eleccións ó Parlamento de Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia concederá lles anticipos de subvencións para gastos electorais ata un 30% das cantidades concedidas en concepto

de subvencións electorais ós partidos, coalicións, federacións e agrupacións de electores que obtivesen representación nas últimas eleccións que tiveron lugar ó Parlamento de Galicia de 1993. O importe indicado de anticipos de subvencións está incluído no crédito solicitado, tal como se desprende da desagregación que figura no anexo.

Anticipo de subvencións ós partidos políticos nas eleccións ó Parlamento de Galicia

Partido político	Escanos Art. 44.1.a)		Votos Art. 44.1.b)		Electores Art. 44.2		Subtotal
	Número	Cantidade	Número	Cantidade	Número	Cantidade	
PP	43	86.000.000	763.839 x 75	57.287.925	2.293.169 x 20	45.863.380	189.151.305
PSdeG-PSOE	19	38.000.000	346.831 x 75	26.012.325	2.293.169 x 20	45.863.380	109.875.705
BNG	13	26.000.000	269.233 x 75	20.192.475	2.293.169 x 20	45.863.380	92.055.855
						Total	391.082.865

Partido político	Anticipo 1997
PP	56.745.392
PSdeG-PSOE	32.962.712
BNG	27.616.756
Total anticipos	117.324.860

Santiago de Compostela, 29 de
maio de 1997

Manuel Fraga Iribarne
Presidente